I CARREIRA DA FAMILIA 2017 – AXUDA EN FAVOR DE ASANOG

09 de setembro de 2017 a partir das 17:00 horas

A carreira da FAMILIA 2017 é un actividade organizada polo Concello de Ames a través da súa Concellería de Deportes. Consistirá nunha carreira a pé que se celebrará xunto cun programa de actividades no cal tomarán parte asociacións e clubs do Concello de Ames.

A participación será individual ou en familias monoparentais ou de máis integrantes, compostos por avós/aboas ou pai/nai e fillos/as.

Toda a recadación do día irá destinada a **ASANOG**, "**Asociación de Ayuda a Niños Oncológicos de Galicia"**, unha asociación sen ánimo de lucro que nace en 2012 para contribuir no ámbito da nosa comunidade a mellorar o estado dos nenos oncolóxicos e as súas familias.

Toda a información sobre esta asociación pódese consultar no ligazón **http://asanog.org/wp/** .

As actividades levaranse a cabo na rúa do Buxo, (aparcamento da Travesía do Porto) a carón do Centro Comercal **NOVO MILLADOIRO**. A participación estará aberta a participantes de calquera idade. Os participantes menores de 10 anos deberán ir obrigatoriamente acompañados dun adulto.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

HORA	ACTIVIDADE
17:00 h	Entrega de dorsais e bolsa regalo na carpa organización
17:30 h	Inicio da actividade. Sesión musical, animación, baile e DJ
18:00 h	Sesión de quecemento grupal
18:15 h	**Carreira da Familia → 3000 m aproximadamente**
18:45 h	**ACTIVIDADES LUDICAS PARA A FAMILIA**
19:00 h	**INCHABLES E XOGOS PARA NENOS/AS**
20:00 h	**SORTEO DE AGASALLOS E ENTREGA DE PREMIOS – FIN DE FESTA**

A carreira disputarase sobre un percorrido de 3 km aproximadamente co obxectivo de que todos os integrantes das familias participantes poidan disputar a proba sen carácter competitivo.
Paralelamente á carreira realizaranse actividades lúdicas, animación, actividades impulsadas polos clubs e asociacións do Concello de Ames, inchables e sesións DJ's con baile dirixido.

Haberá, a maoires, Foodtruck para picoteo dos participantes na zona de descanso.

INSCRICIÓNS

As inscricións levaranse a cabo a través da páxina web **www.emesports.es** ata o mércores 6 de setembro ás 23.59 horas.

O prezo da inscrición será de 5 € por participante adulto e 2 € por participante menor de 18 anos.

Establecerase no formulario de inscrición a opción "DORSAL 0" no caso de que se desexe realizar un donativo a Asociación. Tamén o día propio da carreira habilitarase unha carpa da Asociación para poder colaborar e donar o que cada persoa ou familia desexe.

PREMIOS

Estableceranse os seguintes premios por "chegados a meta":

- A familia mais numerosa
- O avó/avoa de máis idade
- 1º e 1ª chegado/a a meta
- A 1ª familia monoparental (deberán entrar xuntos)
- A 1ª familia de 3 integrantes (deberán entrar xuntos)
- A 1ª Familia de 4 integrantes (deberán entrar xuntos)
- A 1ª Familia de 5 integrantes (deberán entrar xuntos)

A proba formará parte do calendario oficial de probas da Federación Gallega de Atletismo.